



**II PREMIO DE INVESTIGACIÓN DA FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E
EMPRESARIAIS / EU DE ESTUDOS EMPRESARIAS DA UDC PARA
PROFESORADO
Convocatoria 2010**

1. OBXECTIVOS

A Vicerreitoría de Cultura e Comunicación, a través do Servizo de Normalización Lingüística, en colaboración coas Comisións de Normalización Lingüística da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e da EU de Estudos Empresariais, convocan o II Premio de Investigación da Facultade de CC. Económicas e Empresariais / EU de Estudos Empresariais para o profesorado destes centros, cos seguintes obxectivos:

- Promover a implicación do persoal docente de ambos os centros a respecto da nosa lingua no contorno en que se desenvolven as súas actividades.
- Fomentar a investigación en lingua galega en temas de índole económica ou empresarial.

2. PARTICIPANTES

Poderán concorrer a este premio os/as profesores/as da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais ou da Escola Universitaria de Estudos Empresariais da Universidade da Coruña.

3. CATEGORÍAS

Modalidade de convocatoria:

Artigos, libros e capítulos de libros

- Os traballos serán orixinais, non publicados, e versarán sobre calquera temática de índole económica ou empresarial e estarán redactados en galego.



4. TRAMITACIÓN

Os traballos serán presentados no Decanato da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, campus de Elviña, 15071 A Coruña.

Deberanse presentar dous sobres:

O primeiro sobre que deberá estar pechado incluíra o traballo en papel e en versión electrónica (formato word ou pdf).

No anverso deste sobre figurarán os datos que seguen:

1º o lema do traballo

2º a denominación do premio: "II Premio de Investigación da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais/Escola Universitaria de Estudos Empresariais da Universidade da Coruña"

3º a modalidade a que se concorre: profesorado.

No segundo sobre, que se deberá entregar tamén pechado e baixo o mesmo lema escrito no anverso, incluírase a identidade e os datos académicos completos da persoa participante, así como un teléfono e un correo electrónico de contacto. Deberá, asemade, achegarse unha fotocopia do DNI.

5. PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo fixado para a presentación dos traballos remata o 15 de outubro de 2010.

6. PREMIO

A contía do premio será de 1.500 €

Este premio irá con cargo á aplicación orzamentaria 9890.9995.422D.480.08 e sobre as cantidades anteriores efectuaranse as retencións do IRPF segundo a normativa que corresponder.

7. SELECCIÓN

O xurado estará composto por:

- Xavier Lavandeira Villot (universidade de Vigo)
- Henrique Vázquez Vicente (Universidade de Vigo)
- Alberto Vaquero García (Universidade de Vigo)
- Goretti Sanmartín Rei (Servizo de Normalización Lingüística da UDC).

Para a selección dos traballos premiados teranse en conta os seguintes criterios:

- A orixinalidade do traballo
- A adaptación á realidade económica galega
- A calidade da lingua
- O coñecemento de terminoloxía específica



8. AVALIACIÓN E RESOLUCIÓN

A resolución do xurado será inapelable e daráselle a publicidade conveniente, nun prazo máximo de dous meses desde a data límite de presentación dos traballos.

O xurado poderá declarar o premio deserto se a calidade dos traballos non acadase o nivel mínimo esixible.

A presentación de traballos supón a aceptación destas bases.

A Coruña, 14 de xuño de 2010

O vicerreitor de Cultura e Comunicación

Luís Caparrós Esperante



Nome e apelidos

NIF

Enderezo

CP

Provincia

Teléfono/s

Correo electrónico

SOLICITO:

Que se me admita a documentación para participar no I Premio de Investigación da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais / EU de Estudos Empresariais da UDC para profesorado. Convocatoria 2010.

Para isto:

achego un sobre que inclúe o meu traballo para este concurso e mais un sobre pechado cos meus datos persoais, segundo o punto 4 da convocatoria deste premio.

_____, _____ de _____ de _____

(Sinatura)

**II PREMIO DE INVESTIGACIÓN DA FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS /
EU DE ESTUDOS EMPRESARIAS DA UDC PARA PROFESORADO. Convocatoria 2009**
FACULTADE DE CC. ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS EU DE ESTUDOS EMPRESARIAS.
CAMPUS DE ELVIÑA